

Lei 1/1987, do 30 de abril, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1987

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 103, do 5.2.1987.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 113, do 2.3.1987.

Emendas parciais, BOPG núm. 118, do 13.3.1987.

Debate de totalidade, DSPG núms. 43, do 10.3.1987; 44, do 11.3.1987, e 45, do 12.3.1987.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 121, do 24.3.1987.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 124, do 3.4.1987.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 124, do 3.4.1987.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 47, do 7.4.1987; 48, do 8.4.1987; 49, do 9.4.1987, e 50, do 10.4.1987.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núms. 133, do 27.4.1987, e 141, do 14.5.1987.

Diario Oficial de Galicia núm. 82, do 4.5.1987. Corrección de erros: DOG núm. 92, do 18.5.1987.

Boletín Oficial del Estado núm. 180, do 29.7.1987.

Lei 1/1987, do 30 de abril, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1987

Os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1987 reflexan, de acordo co mandato contido no artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a totalidade dos gastos e ingresos do sector público da Comunidade ó mesmo tempo que, conforme se establece no artigo 36 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, se acompaña da documentación informativa que en tal norma se prescribe.

Esta Lei á vez que continúa basicamente na metodoloxía emprendida en exercicios anteriores, baseada en obxectivos e programas de gasto, introduce a constitución dun grupo de traballo para análise das propostas de gasto, así como a redución do número de programas presupostarios. Trátase, pois, de expoñer-las Presupostos de 1987 cunha clara orientación cara á presupostación por programas, deseñando os mecanismos técnicos precisos para avanzar nunha correcta adscrición de fondos en función dos criterios do PDR (86-90) e dos plans sectoriais adoptados polo Goberno da Comunidade.

Consecuentemente co exposto preténdese especificamente cos Presupostos de 1987 iniciar un

gran estímulo ó investimento, real e productivo, e un notable crecemento ó servizo de fomenta-la actividade económica da Comunidade. Nesta orde de cousas non ignora o Presupuesto as interaccións derivadas da plena incorporación de España á Comunidade Económica Europea, procurando dirixi-las accións cara a aqueles sectores que especialmente se ven incididos negativamente por este feito.

Así mesmo, a necesidade de adaptar a unha situación presupostaria concreta as disposicións contidas na Lei 3/1984, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, determina a inclusión no articulado da Lei de Presupostos dunha serie de preceptos que completan o marco normativo axustado a unha concreta conxuntura presupostaria, dándolles cumprimento así a mandatos contidos en disposicións substantivas de vixencia definida.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Pre-

sidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1987.

Título I

Dos créditos e das súas modificacións

Capítulo I

Créditos iniciais e financiamento dos mesmos

Artigo 1. Dos créditos iniciais.

1. Pola presente Lei apróbanse os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 1987 integrados por:

a) O Presuposto da Comunidade Autónoma.

b) O Presuposto dos servicios traspasados do Instituto Nacional de Servicios Sociais.

c) O Presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e os das Sociedades para a xestión dos Servicios Públicos de Radio-difusión e Televisión.

d) Os Presupostos das empresas públicas galegas.

2. No Estado de Gastos do Presuposto da Comunidade Autónoma concédense créditos por un importe total de pesetas 190.855.208.000.

O Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma financiarase:

a) Cos dereitos económicos que se liquidarán durante o exercicio, que se detallan no Estado de Ingresos, estimados nun importe total de 175.855.208.000 pesetas.

b) Co importe das operacións de endebedamento reguladas no artigo 22 desta Lei.

Os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos á Comunidade Autónoma estímense en pesetas 1.097.368.000.

3. O Presuposto dos servicios traspasados do Instituto Nacional de Servicios Sociais financiarase con cargo ás consignacións fixadas para este efecto na Lei 21/86, do 23 de decembro, de acordo co previsto no Real Decreto 258/85, do 23 de xaneiro, e que para o presente exercicio ascende a pesetas 3.476.694.000.

4. No Presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia concédense as dotacións necesarias para atender ó desenvolvemento das súas actividades, por un importe total de 543.489.000 pesetas, para explotación, e 60.500.000 pesetas, para investimentos de capital, estimándose os recursos en igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por importe de 529.489.000 pesetas, para a explotación, e 1.550.000 pesetas, para capital.

Os Presupostos das Sociedades para a xestión dos Servizos Públicos de Radiodifusión e Televisión ós que se refire a Lei 9/84, do 11 de xullo, apróbanse co seguinte detalle:

«Televisión de Galicia, Sociedade Anónima», por un importe total de gastos de 3.284.288.000 pesetas, para explotación, e 299.774.000 pesetas, para investimentos de capital, ascendendo os recursos a igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por un importe de 2.275.968.000 pesetas, para explotación, e 131.156.000 pesetas, para capital.

«Radio-Televisión de Galicia, Sociedade Anónima», por un importe total de gastos de 326.033.000 pesetas, para explotación, e 40.585.000 pesetas, para investimento de capital, ascendendo os recursos a igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por importe de 316.438.000 pesetas, para explotación, e 25.399.000 pesetas, para capital.

Os dereitos económicos que se van liquidar por publicidade estímense en 700.000.000 de pesetas.

5. Nos Presupostos das empresas públicas galegas inclúense as estimacións e previsións de gastos e ingresos referidos ós mesmos e ós seus estados financeiros, en atención á peculiaridade da súa actividade específica.

Artigo 2. Agrupacións dos créditos.

Os créditos incluídos nos Estados de Gastos dos Presupostos da Comunidade Autónoma finan-

ciarán os programas de gastos que se inclúen nos referidos Estados para a consecución dos obxectivos dos mesmos. O seu importe ascende a 190.855.208.000 pesetas, agrupándose os créditos en atención á índole da función que hai que realizar e por contías, expresadas en pesetas, do seguinte modo:

Alta dirección da Comunidade Autónoma	1.171.602.567
Administración xeral	1.895.215.407
Xusticia	
Administración electoral e partidos políticos	
Seguridade Social e protección social	12.935.640.273
Promoción social	6.767.180.530
Sanidade	6.227.697.051
Educación	61.843.863.763
Vivenda	6.309.270.034
Benestar comunitario	861.726.530
Cultura	3.627.655.501
Outros servizos comunitarios e sociais	3.916.850.000
Infraestruturas básicas e de transporte	13.024.159.613
Outras infraestruturas	4.852.420.915
Investigación científica, técnica e aplicada	1.310.102.122
Información estadística básica	89.757.053
Actuacións económicas xerais	664.344.824
Comercio	703.726.724
Actividades financeiras	2.059.777.531
Agricultura, gandería e pesca	11.309.470.331
Industria	886.098.097
Enerxía	1.542.050.000
Minería	163.000.000
Turismo	586.207.903
Reordenación industrial	1.153.898.231
Desenvolvemento empresarial	3.950.000.000
Transferencias a entidades locais	41.036.493.000
Débeda Pública	1.967.000.000

Artigo 3. Vinculación dos créditos.

1. Os créditos asignados ós respectivos programas de gasto teñen carácter limitativo e vinculante, con suxección á clasificación orgánica e económica, a nivel de concepto e por programas. Exceptúanse desta norma os créditos incluídos no Capítulo II, da clasificación económica do gasto, que terán carácter vinculante a nivel de artigo en lugar de a nivel de concepto.

En todo caso, terán carácter vinculante, ó nivel de desagregación con que aparezan nos Estados de Gastos, os créditos declarados ampliables que se detallan no artigo 7.4 da presente Lei.

2. Sen prexuício da vinculación a nivel de artigo prevista no número anterior, os gastos serán imputados, en todo caso, ó seu concepto ou subconcepto específico do Presuposto.

Capítulo II

Normas de modificacións de créditos presupostarios

Artigo 4. Principios xerais.

1. As modificacións dos créditos iniciais do Presuposto axustaranse ó que se estableza na Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, agás o disposto nos artigos seguintes.

2. Todo acordo de modificación presupostaria deberá indica-lo programa, o servizo e o concepto afectado pola mesma.

A respectiva proposta de modificación deberá expresa-la incidencia na consecución dos respectivos obxectivos de gasto e as razóns que o xustifican.

3. Dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, a Consellería de Economía e Facenda daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de tódalas modificacións acordadas, ó amparo do establecido na presente Lei, durante o mes anterior. No suposto de que no citado período non se producisen modificacións de crédito, faráselle constar expresamente a esta Comisión tal circunstancia no mesmo prazo establecido no parágrafo anterior.

Artigo 5. Transferencias de créditos.

1. As transferencias de créditos de calquera tipo estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non poderán afectar a créditos ampliables nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non minorarán créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, nin poderán afectar negativamente ós créditos incorporados como consecuencia de remanentes procedentes de exercicios anteriores.

c) Non incrementarán créditos como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración.

2. O establecido no número 1 anterior enténdese sen prexuício do que dispón o artigo 43 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, en relación cos novos trasposos de medios persoais e materiais da Administración Central á Autónoma de Galicia.

Artigo 6. Competencias das Consellerías e dos altos órganos estatutarios da Comunidade.

1. Os titulares das Consellerías poderán autorizar, logo de informe da Intervención Delegada competente, as seguintes modificacións presupostarias:

1.1.— Transferencias de créditos.

Entre os diferentes conceptos do Capítulo II dun mesmo programa correspondente a un número ou diferente servizo da Consellería, sempre que a transferencia non afecte negativamente a créditos ampliáveis, e non supoña desviación na consecución dos obxectivos do programa respectivo.

En caso de informe desfavorable da Intervención Delegada coa proposta de transferencia de crédito, remitiráselle o expediente á Consellería de Economía e Facenda para os efectos da resolución procedente polo titular desta Consellería.

1.2.— Xeración de créditos.

Nos supostos contemplados no artigo 52, apartado 1.a) e no artigo 53 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, cando o pagamento indebido fose realizado no mesmo exercicio.

2. Os presidentes dos altos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma terán as mesmas competencias establecidas neste artigo, en relación coas modificacións presupostarias do Presuposto de gastos respectivo, sen prexuício do principio de autonomía presupostaria do Parlamento de Galicia.

3. En todo caso, unha vez acordadas as modificacións presupostarias incluídas nos números anteriores, remitiráselle á Consellería de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro, para instrumentala súa execución.

Artigo 7. Competencias da Consellería de Economía e Facenda.

1. Ademais das competencias xenéricas do artigo anterior correspóndelle ó Conselleiro de Economía e Facenda:

a) Resolve-los expedientes de transferencias de créditos nos supostos previstos no artigo anterior, cando discrepe a Consellería respectiva do informe da Intervención Delegada.

b) Autorizar transferencias de crédito, calquera que sexa o Capítulo, entre un ou varios programas,

incluídos na mesma función, correspondentes a servicios dunha mesma Consellería.

A competencia prevista para autorizar transferencias de créditos contidas neste artigo comporta a creación dos conceptos pertinentes da clasificación económica do gasto.

2. Incorporación de créditos.

2.1.— Autoriza-las incorporaciones de créditos procedentes de transferencias dos Presupostos Xerais do Estado en concepto de subvencions non integradas no custo efectivo dos servicios traspasados.

Os créditos así incorporados deberanse aplicar ás finalidades para as que foron acordados.

2.2.— Autoriza-las incorporaciones de créditos previstas no artigo 46 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

3. Xeración de créditos.

3.1.— Autoriza-la xeración de créditos derivados de ingresos procedentes de transferencias que o Estado realice para a Comunidade Autónoma, tanto para o financiamento dos servicios coma para investimentos reais que realice a Xunta. Os créditos así xerados deberanse aplicar ás finalidades para as que foron acordados.

3.2.— Autoriza-la xeración de créditos prevista no artigo 52 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, nos

supostos non incluídos no artigo anterior desta Lei.

4. Ampliación de créditos.

Autorizar, ata unha suma igual ás obrigas de recoñecemento preceptivo, a ampliación dos créditos que, incluídos nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, se detallan a continuación:

Aplicable a tódalas seccións do Presuposto:

Os destinados a satisfacer:

a) As cuotas de Seguridade Social e o complemento familiar (axuda ou indemnización familiar), de acordo cos preceptos en vigor, o subsidio familiar do persoal adscrito ós servicios da Comunidade Autónoma con dereito á súa percepción, así como a aportación que, no seu caso, poida corresponderlle á Comunidade Autónoma ó rexime de previsión social dos seus funcionarios.

b) Os trienios derivados do cómputo do tempo de servicios realmente prestados á Administración.

c) Os créditos destinados ó pagamento do persoal laboral ó servicio da Comunidade Autónoma, en canto precisen ser incrementados como consecuencia de elevacións salariais dispostas durante o exercicio ou en exercicios anteriores, por modificacións do salario mínimo interprofesional, ou veñan impostos por regulación legal ou por decisión firme xurisdiccional.

d) As prestacións regulamentarias e obrigatorias do rexime de previsión dos funcionarios públicos.

e) Os créditos destinados a satisfacer obrigas derivadas da Débeda Pública, emitida pola Comunidade Autónoma, tanto por intereses e amortizacións de principal coma por gastos derivados das operacións de conversión e cambio da mesma, agás os de persoal, dándolle conta ó Parlamento.

f) Os créditos necesarios para financiar as operacións de endebedamento realizadas pola Comunidade Autónoma en virtude das autorizacións legalmente concedidas.

g) Os destinados a satisfacer o pagamento de subvencións non integradas no custo efectivo dos servicios traspasados á Comunidade Autónoma, no importe que exceda da contía inicial prevista, como consecuencia de transferencias de fondos efectuadas con cargo ós Presupostos Xerais do Estado.

h) Os créditos destinados a satisfacer as cantidades que deben percibi-los liquidadores do Distrito Hipotecario en concepto de indemnización e compensación dos gastos orixinados pola recadación e xestión de autoliquidacións practicadas polo Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

i) Os créditos destinados ó pagamento dos premios de cobranza e participacións en función da recadación de rendas e demais créditos de vivendas, locais e edificacións complementarias da Comunidade Autónoma Galega, así como os referentes ós traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario da Comunidade que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.

l) Os créditos destinados ó pagamento de cuotas ou contribucións a organismos internacionais nos que participe ou sexa membro a Comunidade Autónoma.

ll) Os créditos destinados ó pagamento das obrigas derivadas de quebramentos en operacións de crédito avaladas pola Xunta de Galicia como consecuencia da autorización contida no artigo 21 desta Lei, dándolle conta ó Parlamento.

Artigo 8. Competencias do Consello da Xunta.

1. Correspóndelle ó Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, a iniciativa da Consellería ou Consellerías afectadas, autoriza-la transferencia de créditos entre programas dunha mesma ou distintas Consellerías, incluídos no mesmo grupo de funcións. Cada solicitude da ou das Consellerías afectadas irá acompañada dunha memoria xustificativa dos obxectivos fixados

inicialmente e dos novos que no seu caso puidesen derivarse.

2. De cada modificación acordada en virtude do disposto neste artigo, daráselle conta, de xeito inmediato e singular, no prazo de cinco días á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos con remisión da copia do correspondente expediente.

Artigo 9. Outras modificacións presupostarias.

Con independencia das modificacións presupostarias ás que se refiren os artigos anteriores, a Consellería de Economía e Facenda poderá autorizar transferencias de crédito desde o programa de imprevistos ós conceptos e artigos dos demais programas de gasto con suxección ós seguintes requisitos:

a) A Consellería ou alto órgano estatutario que solicite a transferencia deberá xustificala imposibilidade de atende-las insuficiencias a través das modificacións presupostarias que se autorizan en virtude do previsto nos artigos anteriores desta Lei.

b) A transferencia deberá ser solicitada a través dun exame conxunto ou de revisión das necesidades do correspondente programa de gasto, indicando, no seu caso, as desviacións que a execución do Presupuesto poida revelar na consecución dos correspondentes obxectivos.

Título II

Dos gastos do persoal

Capítulo I

Retribucións do persoal

Artigo 10. Aumento de retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma.

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 1987, o incremento conxunto de retribucións íntegras do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma, non sometido á lexislación laboral, aplicadas nas contías e de acordo cos reximes retributivos vixentes en 1986, será do 5 por 100, sen prexuício do resultado individual da aplicación do dito incremento.

2. O disposto no número anterior é aplicable ó persoal non laboral ó servizo de:

a) Os altos órganos estatutarios de Galicia, sen prexuício do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma.

c) O restante persoal ó que resulte de aplicación o rexime estatutario dos funcionarios públicos.

d) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as Sociedades para a xestión dos Servizos Públicos de Radiodifusión e Televisión.

3. Así mesmo, e con efectos do 1 de xaneiro de 1987, a masa salarial do persoal laboral ó servizo dos entes e organismos a que se refire o número 2 anterior, non poderá experimentar un incremento global superior ó 5 por 100, en cómputo anual, comprendendo na devandita porcentaxe o de tódolos conceptos así como o que se poida producir por antigüidade e reclassificacións profesionais non derivadas de resolución xudicial firme, e sen prexuício do resultado individual da distribución do devandito incremento global.

Entenderase por masa salarial, para efectos desta Lei, o conxunto de retribucións salariais e extrasalarais e gastos de acción social que o persoal laboral afectado tivese recoñecidos e liquidados durante 1986, e informados favorablemente pola Consellería de Economía e Facenda, exceptuándose en todo caso:

a) As prestacións ou indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ó sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despidos.

d) As indemnizacións ou supridos por gastos que tivese que realízalo traballador.

Os incrementos da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous

períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais de persoal laboral coma ó rexime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado, as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para 1987 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal derivadas do correspondente pacto e todas ás que teña dereito recoñecido ó longo do ano 1987.

As indemnizacións ou supridos deste persoal non poderán experimentar crecementos superiores ós que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración da Comunidade Autónoma.

No suposto en que, da aplicación do incremento porcentual establecido no parágrafo anterior, resultase unha cifra inferior á que lle corresponda ó persoal non laboral de igual categoría, poderanse acordar indemnizacións ou supridos ata o importe que teña recoñecido o citado persoal non laboral.

O regulado nos parágrafos anteriores non será de aplicación ás indemnizacións que se establezan por primeira vez nos respectivos convenios; unha vez fixado o importe de tódalas indemnizacións, os posteriores incrementos axustaranse ó establecido nas Leis

de Presuposto da Comunidade Autónoma.

4. Con independencia do incremento retributivo disposto nos parágrafos anteriores, establécese un fondo por un importe de 50 millóns de pesetas, consignado no programa 531H, concepto 005.002.130, con cargo ó que se procederá a consolidalo financiamento resultante da distribución que se acorde en aplicación do disposto no artigo 14.4 da Lei de Presupostos de 1986 e a acordar incrementos adicionais da masa salarial de que se trate ou melloras retributivas, co fin de acadar unha maior harmonización nas condicións económicas e demais condicións de traballo do persoal laboral que presta os seus servizos na Administración Autónoma.

Os criterios que permitan a distribución do fondo determinaranse logo da negociación entre a Administración Autónoma e as Centrais Sindicais representativas, procedéndose á súa instrumentación pola Consellería de Economía e Facenda con base na proposta que para tal efecto deberá presenta-la Comisión que con ese fin se estableza.

5. Así mesmo, establécese un fondo dotado con 869.000.000 de pesetas no mencionado programa 531H, concepto 005.002.120.0, para atención de insuficiencias de créditos que se produzan como consecuencia de disposicións normativas, acordos de homologación

de retribucións dos funcionarios en aplicación do establecido na Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública, ou por decisión firme xurisdiccional.

Artigo 11. Retribucións dos altos cargos.

1. Sen prexuício da asimilación prevista na Disposición Adicional segunda da Lei 1/1985, do 10 de xaneiro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, as retribucións por tódolos conceptos dos altos cargos fíxanse para o ano 1987 nas seguintes contías en pesetas, incluídas as pagas extraordinarias:

Presidente	8.155.186 pts.
Vicepresidente	7.308.668 pts.
Conselleiro	6.715.613 pts.
Secretarios Xerais	
Técnicos, Directores	
Xerais e asimilados	5.346.489 pts.

Terase dereito a percibir as pagas extraordinarias incluídas nos importes anteriores, de acordo co establecido no artigo 15.2 desta Lei, por un importe cada unha delas do soldo e, no seu caso, dos trienios, o rexime dos cales se determina no apartado seguinte.

2. Conforme ó establecido na Lei 30/1984 os altos cargos terán dereito á percepción referida en 14 mensualidades, deducíndose da percepción total as retribucións percibidas do Parlamento.

Artigo 12. Retribucións dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios de carreira destinados ou adscritos na Comunidade Autónoma percibirán as retribucións correspondentes a 1986 coa mesma estrutura retributiva e con suxección á normativa vixente no dito exercicio, incrementada a contía das diferentes retribucións básicas e complementarias nun 5 por 100, a igualdade de postos de traballo, tendo en conta que as retribucións que tivesen o carácter de absorbibles por melloras ou incrementos se rexerán pola súa normativa específica.

Artigo 13. Retribucións dos funcionarios eventuais, interinos e contratados administrativos.

1. As retribucións dos funcionarios eventuais, interinos e contratados administrativos experimentarán un incremento retributivo do 5 por 100 con respecto ás retribucións recoñecidas no ano 1986 e de conformidade coa estrutura retributiva que se lles aplicou nese ano.

2. Malia o disposto no parágrafo primeiro, as remuneracións do persoal contratado en rexime de dereito administrativo de carácter non docente, non serán inferiores ás que lles corresponda acreditar ós funcionarios interinos cando o ano do nomeamento se corresponda co do contrato administrativo de que se trate e que realicen igual función na Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 14. Aumento das retribucións en casos especiais.

1. Cando as retribucións se percibisen en 1986 en contía inferior á establecida con carácter xeral, aplicarase un incremento do 5 por 100 respecto ó efectivamente percibido nese exercicio.

2. Os funcionarios dos corpos de Sanitarios Locais que presten servizo en Partidos Sanitarios, Casas de Socorro e, no seu caso, Hospitais Municipais, experimentarán un incremento do 5 por 100 sobre as correspondentes retribucións básicas percibidas en 1986.

As retribucións complementarias destes funcionarios fixaranse con base no disposto no Decreto 3.206/1967, do 28 de decembro, incrementando, no seu caso, os importes no 5 por 100 respecto a 1986.

Os Sanitarios Locais non comprendidos nos números anteriores percibirán as retribucións básicas e complementarias que lles correspondan, en aplicación do disposto no artigo 10.1 desta Lei.

Artigo 15. Percepción de retribucións.

1. As retribucións básicas e complementarias que se perciban con carácter fixo e periodicidade mensual faranse efectivas por mensualidades completas e con referencia á situación e dereitos do funcionario o día 1 do mes a que correspondan, salvo os seguintes casos en que se liquidarán por días:

a) No mes de toma de posesión do primeiro destino na Comunidade

de Autónoma, no de reingreso ó servicio activo e no de incorporación por conclusión de licencias sen dereito a retribución.

b) No mes en que se cese no servicio activo na Comunidade Autónoma, agás que sexa por motivos de falecemento ou xubilación, e no de iniciación de licencias sen dereito a retribución.

2. As pagas extraordinarias serán de dúas ó ano por un importe cada unha delas dunha mensualidade do soldo, trienios e, no seu caso, o grao, e percibiranse o día 1 dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos do funcionario nesas datas, agás nos seguintes casos:

a) Cando o tempo de servicios prestados na Administración da Comunidade Autónoma fose inferior á totalidade do período correspondente a unha paga, esta aboarase na parte proporcional que resulte segundo os meses e días de servicio efectivamente prestados.

b) Os funcionarios en servicio activo con licencia sen dereito a retribución percibirán pagas extraordinarias nas datas indicadas, pero a súa contía experimentará a correspondente redución proporcional.

c) No caso de cesamento no servicio na Comunidade Autónoma, a última paga extraordinaria retribuirase o día do cesamento e con referencia á situación e derei-

tos do funcionario nesa data, pero en contía proporcional ó tempo de servicios efectivamente prestados.

3. Para os efectos previstos no número anterior, o tempo de duración de licencias sen dereito a retribución non terá a consideración de servicios efectivamente prestados.

Artigo 16. Requisito para a sinatura de convenios colectivos que afecten ó persoal laboral.

1. Para os efectos previstos no artigo 10.3 desta Lei, para poder pactar novos convenios colectivos, negociar ou aplicar revisións salariais, adhesións ou acorda-la extensión, en todo ou en parte, a outros convenios xa existentes do sector público, así como para poder aplicar convenios colectivos de ámbito sectorial ou revisións salariais dos mesmos, e para outorgar melloras retributivas unilaterais con carácter individual ou colectivo, será necesario o informe preceptivo previo da Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro da Consellería de Economía e Facenda en canto afecten ó persoal non funcionario de:

a) A Administración da Comunidade Autónoma.

b) O Consello de Contas.

c) O Consello da Cultura Galega.

d) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas Sociedades xestoras.

2. Para este fin, a Consellería ou ente correspondente remitirá, con carácter previo á sinatura das partes negociadoras, o proxecto de pacto ou mellora respectiva, ó que se deberá xuntar:

a) Certificación das retribucións satisfeitas durante 1986 ou que se lle van facer efectivas con cargo a 1986 ó persoal afectado.

b) Homoxeneizacións practicadas como consecuencia do disposto nesta Lei.

c) Determinarase a masa salarial para 1987 conforme á valoración de tódolos aspectos económicos derivados do proxecto. A súa contía non poderá exceder da autorizada previamente pola Consellería de Economía e Facenda con anterioridade ó inicio das negociacións.

3. O informe será emitido no prazo máximo de quince días, que se contará desde a data de recepción do proxecto de pacto, e versará sobre todos aqueles extremos dos que se deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 1987 coma para exercicios futuros, e especialmente no que respecta á determinación da masa salarial correspondente e ó control do seu crecemento.

Transcorrido o referido prazo e quince días máis sen que o antedito informe fose emitido, este considérase favorable ó proxecto de pacto.

4. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios seguintes contrarios ós que determinen as futuras Leis de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

5. Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación dos incrementos salariais para 1987 sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

Artigo 17. Prohibición de ingresos atípicos.

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente Lei, non sendo os sometidos ó rexime de arancel, non poderán percibir ningunha participación nos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza que a Administración Autónoma ou calquera poder público estatutario teña dereito a percibir como contraprestación de calquera servizo ou xurisdicción, nin participación ou premio en multas impostas aínda cando estivesen normativamente atribuídas ós mesmos, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente rexime retributivo, e sen prexuício do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades.

Así mesmo, a devandita prohibición aplicarase tamén ós altos cargos, comprendendo como tales,

para os efectos desta Lei, os que desempeñen a titularidade de órganos estatutarios.

Artigo 18. Modificación do cadro de persoal.

1. Durante o exercicio de 1987 non se tramitarán expedientes de ampliación do cadro de persoal, agás os que se orixinen como consecuencia de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma.

2. As convocatorias para ocupar vacantes na Administración da Comunidade requirirán informe previo da Intervención Delegada competente respecto da existencia de dotacións presupostarias adecuada e suficiente.

Deste informe daráselle conta á Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro.

Artigo 19. Contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de investimentos.

1. Con cargo ós respectivos créditos para investimento, só poderán formalizarse, excepcionalmente, contratacións de persoal en rexime laboral con carácter temporal cando as Consellerías precisen contratar persoal para a realización, por administración directa, de obras ou servicios correspondentes a algúns dos investimentos incluídos nos seus presupostos.

2. Esta contratación precisará o informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, despois da

acreditación da necesidade da mesma por carecer de suficiente persoal fixo ou de crédito suficiente no concepto presupostario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente.

3. Os contratos deberanse formalizar seguindo as prescricións da lexislación vixente e neles farase constar a obra ou servicio para a realización do cal se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais eventuais ou temporais.

Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos dos que se puidesen derivar dereitos de fixeza para o persoal contratado, poderán ser obxecto de dedución de responsabilidade, de conformidade co artigo 95 da Lei 3/1984, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

Artigo 20. Normas especiais.

1. En canto non se poña en vigor o sistema retributivo fixado na Lei 30/84, cando un funcionario non sometido ó rexime retributivo regulado no Real Decreto-Lei 22/1977, do 30 de marzo, ocupe un posto de traballo dotado no cadro de persoal presupostario da Comunidade, percibirá as retribucións básicas e complementarias correspondentes á praza que desempeñe.

Para os efectos do disposto no

parágrafo anterior, a Consellería de Economía e Facenda, a proposta das Consellerías interesadas, autorizará a oportuna asimilación para determina-las retribucións que lles correspondan ós citados funcionarios.

Para os sós efectos de asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co rexime retributivo de orixe do funcionario.

Esta autorización seralle comunicada á Consellería de Economía e Facenda para o seu coñecemento.

2. Cando, con suxección á normativa vixente, o funcionario realice unha xornada inferior á normal, reduciranse as súas retribucións na proporción correspondente e na forma prevista na devandita normativa.

3. Para poder efectuar nomeamentos de persoal eventual ou de asesoramento ó que se refire o artigo 20.2 da Lei 30/84 e o artigo 35 da Lei autonómica 1/1983, do 22 de febreiro, requírese a existencia de crédito presupostario, así como a inclusión de tales postos e das contías que lles hai que acreditar a cada un deles, nos Anexos de Persoal que acompañan ós Presupostos da Comunidade ou nas súas modificacións legalmente acordadas.

As retribucións deste persoal non poderán exceder das seguintes

contías:

a) As correspondentes a Director Xeral ou asimilado, cando se trate de nomeamentos realizados polo Presidente ou Vicepresidente da Xunta.

b) As correspondentes a Subdirector Xeral, cando se trate de nomeamentos efectuados nor un Conselleiro.

4. Os haberes líquidos para o cálculo dos anticipos reintegrables ós funcionarios serán as retribucións básicas e complementarias líquidas que perciban os mesmos.

5. As referencias relativas a retribucións contidas nos artigos anteriores enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

6. As diferentes retribucións que conforme ó disposto nos artigos anteriores lle correspondan percibir ó persoal ó servicio das institucións da Comunidade Autónoma, faraaas efectivas un só habilitado con cargo ós créditos do programa respectivo.

Título III

Das operacións financeiras

Capítulo I

Avales

Artigo 21. Avales.

1. Contía global dos avales.

Durante 1987 a Xunta de Galicia poderá conceder avales de acordo co establecido nos artigos 73 e seguintes da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, e co disposto nesta Lei ata un importe global de 4.000 millóns de pesetas.

2. Primeiro aval.

Un primeiro aval ata un importe de 2.500 millóns de pesetas.

a) Os créditos concertados polas Corporacións Locais destinados a financiar proxectos de investimento.

b) Ademais dos avales regulados no apartado anterior, a Comunidade Autónoma poderá conceder nas condicións que regulamentariamente se establezan aval subsidiario ós créditos concertados polas empresas e operacións que se especifican:

1.º) Ós armadores de buques por encargos a empresas privadas do sector naval domiciliadas en Galicia, mentres non sexa tecnicamente posible a constitución de hipoteca naval dos buques en construción.

2.º) Ás empresas que se acollan ós beneficios establecidos pola Comunidade Autónoma para a creación e mantemento de empresas, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan como finalidade o financiamento de investimentos, e ás empresas participadas por SODIGA para o financiamento de operacións de igual finalidade e natureza á descrita neste apartado.

3.º) A Cooperativas, Sociedades Anónimas Laborais e a traballadores autónomos da Comunidade Autónoma sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan a finalidade de financiar operacións de investimento realizadas polos citados axentes.

4.º) A empresas privadas galegas para operacións de prefinanciamento de exportacións.

5.º) Na distribución e adjudicación dos avales regulados neste apartado establécese unha prioridade en función da conxunción dos seguintes criterios:

a) Sociedades Anónimas Laborais e Cooperativas de traballadores.

b) Iniciativas que supoñan alternativas reais de saída para factorías, empresas ou sectores en crise.

c) Empresas de sectores punta ou potencial relevancia para o desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma.

d) Iniciativas empresariais que supoñan unha maior captación de mercados exteriores.

3. Aval complementario ata 1.500 millóns.

Poderase conceder un aval complementario ó prestado polas Sociedades de Garantía Recíproca Galegas que cubra a maior contía solicitada sobre a máxima que estatutariamente lles poden outorgar estas institucións ás empresas privadas domiciliadas na Comunidade

Autónoma en créditos que teñan como finalidade o financiamento de investimentos ou de contratos de subministración con empresas públicas ou privadas.

4. A contía dos avales, por beneficiario e apartado, non poderá exceder do 5% da cantidade global establecida no número 1 deste artigo. Este límite será do 10% nos avales que se poidan conceder ó amparo do disposto no apartado 2.b).2.º deste artigo.

Para os efectos de fixa-los límites establecidos neste número, acumularanse os avales vixentes xa concedidos.

5. Os avales que se concedan ó amparo do disposto nos apartados anteriores garantirán un máximo do 80% final da contía da operación para a que se concede o aval.

6. A Xunta daralle conta trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento dos avales concedidos ó amparo deste artigo.

Capítulo II

Operacións de crédito

Artigo 22. Operacións de crédito.

1. Autorízase ó Consello da Xunta para que, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, proceda, tanto no interior coma no exterior, a emitir Débeda Pública da Comunidade, negociable ou non negociable, así como a

concertar con institucións financeiras operacións de crédito amortizable por prazo superior a un ano ata un importe máximo de 15.000 millóns de pesetas. Este importe quedará fixado en función da recadación obtida nas distintas partidas dos Capítulos I a VII de carácter non finalista do Presupuesto de Ingresos e do importe a que ascenden os remanentes de créditos non incorporables dos distintos capítulos do Presupuesto de Gastos.

2. Autorízase ó Conselleiro de Economía e Facenda para que:

a) Sinala o tipo de interese, condicións, beneficios fiscais legalmente establecidos e demais características das operacións de endebedamento sinaladas no número anterior e formalice, no seu caso, en representación da Comunidade Autónoma, tales operacións adaptándose sempre que sexa preciso ás prácticas financeiras que xurdan da evolución dos mercados financeiros.

b) Proceda, ó amparo do disposto nas respectivas normas de emisión ou contratación, ó reembolso anticipado de emisións de Débeda da Comunidade Autónoma ou de créditos recibidos, ou á revisión dalgunha das súas condicións, cando a situación do mercado ou outras circunstancias así o aconsellen.

c) Concerte operacións de cambio, conversión, prórroga e intercambio financeiro, relativas a operacións de crédito existentes con

anterioridade, para obter un menor custo ou unha mellor distribución da carga financeira ou previ-los posibles efectos derivados das fluctuacións nas condicións de mercado.

3.

a) A Débeda da Comunidade a que se refiren os números anteriores poderá estar representada por anotacións en conta, por títulos-valores ou por calquera outro documento que formalmente a recoñeza.

b) Autorízase á Xunta a dicta-las disposicións necesarias para implanta-lo sistema de instrumentación da Débeda Pública en anotacións en conta e regula-las transaccións baseadas en tales anotacións.

c) Autorízase ó Conselleiro de Economía e Facenda para que, no marco da regulación aprobada pola Xunta, modifique a forma de instrumentación das emisións de Débeda da Comunidade xa en circulación ou que se concerten en virtude do disposto nesta Lei e no artigo 23 da Lei 1/1986, do 29 de outubro.

d) Na subscrición e transmisión da Débeda negociable da Comunidade, só será preceptiva a intervención de fedatario público cando aquela estea representada por títulos-valores.

4. As operacións que se realicen ó amparo da autorización a que fai referencia o número 1 deste artigo poderanse formalizar no decurso de 1988.

5. A Xunta daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e

Presupostos do Parlamento no prazo de quince días de tódalas operacións que se realicen ó amparo das autorizacións concedidas no presente artigo.

Título IV

Normas tributarias

Capítulo I

Outros tributos

Artigo 23. Taxas.

1. Elévanse os tipos de taxas da contía fixa, por prestación de servizos e por realización das actividades a que se refire o artigo 7.2 da LOFCA, ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,10 ás contías actualmente esixibles.

2. Para os efectos do apartado anterior considéranse taxas de contía fixa aquelas nas que a cuota tributaria non estea fixada nunha porcentaxe da base ou esta non se valore en unidades monetarias.

Título V

Capítulo único

Dos procedementos de xestión presupostaria

Artigo 24. Contía mínima de aprobación de gastos de investimentos polo Consello da Xunta.

1. A realización de gastos de investimento de calquera natureza, en contía superior a 200 millóns de pesetas, requirirá a aprobación

do Consello da Xunta.

2. A autorización a que se refire o parágrafo anterior implica a autorización do Consello da Xunta para contratar.

3. Autorízaselles ós órganos de contratación, con carácter xeral, a tramitación urxente, prevista no artigo 26 da Lei de Contratos do Estado, para a contratación de obras de ata 200 millóns de pesetas, se ben o prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días.

4. Para os efectos do que se establece no número anterior, son órganos de contratación da Xunta os Conselleiros da mesma.

Artigo 25. Contratación directa de obras.

1. O Consello da Xunta, a proposta das Consellerías interesadas, poderá autoriza-la contratación directa de proxectos de obras que se inicien durante o exercicio de 1987, calquera que sexa a orixe dos fondos, cando o presuposto das mesmas pase de 25.000.000 de pesetas e non supere os 50.000.000 de pesetas.

2. A contratación directa das obras farase baixo os principios de obxectividade, publicidade e concorrencia, debendo referirse os proxectos a obras completas, sen que os obxectos dos contratos poidan fraccionarse en partes ou grupos.

3. O conxunto das contratacións non poderá superar en cada Sección o 20% dos créditos aprobados

como investimentos reais.

4. Durante as primeiras quince-nas dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, a Xunta de Galicia remitiralle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos a relación de expedientes tramitados ó amparo do presente artigo no trimestre respectivo anterior.

Artigo 26. Outros gastos de investimento.

1. Coa finalidade de apoiar os investimentos que se vaian realizar na creación de novas empresas ou na súa ampliación ou modernización, o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá adquirir compromisos de gasto que se poden estender a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, que consistan en axudas para apoio financeiro ou en subvencións ós investimentos que realicen as empresas.

2. Por acordo do Consello da Xunta, adoptado mediante o procedemento descrito no número 1 anterior, poderanse adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, cando se trate de adquisicións de vivendas para a calificación de promoción pública, de adquisición de terreos para a construción de vivendas de protección oficial, de concesión de préstamos para a promoción de vivendas mediante convenios, para axudas económicas persoais e para o apoio financeiro a vivendas sociais, así como de con-

cesión de subvencións para subsidiación de intereses de préstamos para vivendas de protección oficial.

3. A Xunta daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos de tódalas operacións que se realicen ó amparo do presente artigo.

Artigo 27. Sistema de información contable.

Co fin de que no sistema de información contable implantado na Administración da Comunidade Autónoma pola Orde do 26 de decembro de 1986 figuren os créditos e débitos verdadeiramente esixibles ou realizables, autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que dicte as normas que considere necesarias para levar a cabo a rectificación e depuración de saldos contraídos en contas.

Artigo 28. Proxectos de investimento.

Os proxectos de investimento incluídos no Anexo de Investimentos Reais, que vai unido ós Presupostos Xerais da Comunidade, identificaranse mediante un código de proxectos que se lles asigne, co fin de establece-lo seguimento presupostario da súa realización.

O código asignado a cada un destes proxectos, logo de se adxudica-la súa execución, non poderá ser alterado ata a súa finalización.

As modificacións dos progra-

mas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos requirirán a asignación pola Consellería de Economía e Facenda do correspondente código novo.

Das modificacións que se produzan dos proxectos incluídos no Anexo de Investimentos Reais emitiráselle informe por escrito, trimestralmente, á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

Artigo 29. Constitución de grupo de traballo.

O Conselleiro de Economía e Facenda propoñerá a constitución dun grupo de traballo composto por un máximo de sete persoas, co obxecto de analiza-las propostas de gasto así como a posible redución ou incremento dos programas presupostarios.

Disposición adicional primeira

As dotacións presupostarias da Sección 01, Parlamento, libranse en firme e periodicamente a nome do mesmo, a medida que este o requira, e non estarán suxeitas a ningún tipo de xustificación ante o Goberno Autónomo.

Disposición adicional segunda

Co obxecto de facer efectivo o principio de solidariedade intraterritorial dentro do territorio da nosa Comunidade Autónoma, os investimentos faranse de xeito que tendan a reduci-los desequilibrios comarcais actualmente existentes.

Disposición adicional terceira

Mantense a vixencia para 1987 dos artigos 10 «Pagamentos que hai que xustificar», 11 «Da ordenación de pagamentos», 12 «Liquidación de Presuposto» e 13 «Obrigas de exercicios pechados e imputación de créditos» da Lei 1/1986, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1986.

Disposición adicional cuarta

Para poder dispoñer dos fondos incluídos na partida presupostaria de «Estudios e traballos técnicos» será precisa a previa aprobación polo Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro respectivo, sempre e cando a contía de cada proposta individualizada de gasto supere os 3 millóns de pesetas.

Disposición adicional quinta

O reparto por Concellos dos presupostos asignados ós Patronatos Provinciais para a vivenda rural atenderá ós criterios de poboación, superficie, dispersión xeográfica, nivel de equipamento, importancia da obra e número de beneficiarios afectados. Así mesmo, tódalas obras subvencionadas terán de ser aprobadas previamente polos respectivos Concellos.

Disposición adicional sexta

1. Os Presupostos das catro Deputacións galegas para o exercicio de 1987 ascenden ás seguintes contías:

A Coruña 13.690.236.000 pts.

Lugo	5.665.000.000 pts.
Ourense	8.606.000.000 pts.
Pontevedra	8.026.000.000 pts.

2. Durante o exercicio presupostario de 1987, e mentres non se dispoña do instrumento legal adecuado, a Xunta de Galicia procederá, mediante os adecuados mecanismos, a unha máis eficaz coordinación das actividades das catro Deputacións galegas, co obxecto de evitar solapamentos e discriminacións.

Disposición adicional sétima

As axudas e subvencións concedidas con cargo ós Presupostos da Comunidade Autónoma que non teñan nos mesmos asignación nominativa serano conforme a criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade da concesión.

Para tal fin, as Consellerías correspondentes establecerán, sempre que non se trate da continuación ou prórroga dalgún programa existente no exercicio anterior, e antes da disposición dos créditos, as oportunas normas reguladoras da concesión de cada un dos conceptos presupostarios con cargo ós cales se pretende concede-las axudas ou subvencións, que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Os créditos consignados nos Estados de Gastos do Presuposto da Comunidade, cando o seu financiamento proceda dos Presupostos Xerais do Estado en concepto de subvencións que non forman parte do custo efectivo dos

servicios transferidos, poderán ser modificados pola Consellería de Economía e Facenda co fin de adecualos ós fondos que efectivamente se lle recoñezan á Comunidade Autónoma.

Disposición adicional oitava

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda e a iniciativa da Consellería de Ordenación do Territorio, poderá autorizar a aplicación ó Presuposto de Ingresos dos saldos que se produzan como consecuencia do depósito de fianzas de alugueiros urbanos e subministracións a que se refire o Decreto do 11 de marzo de 1949.

Os ingresos autorizados xerarán crédito no programa de promoción e administración de vivendas.

Disposición adicional novena

Mensualmente, expoñerase nos taboleiros de anuncios de cada centro de traballo a relación nominal dos traballadores que recibisen gratificacións por servicios extraordinarios, así como a súa contía, tanto no caso do persoal laboral coma no dos funcionarios.

Disposición adicional décima

Trimestralmente, o Conselleiro de Economía e Facenda daralle conta documentalmentemente á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do desenvolvemento e execución dos Presupostos.

Disposición adicional décimo pri-

meira

1. Co obxecto de atenuar as disparidades económicas existentes entre os distintos territorios de Galicia, créase o Fondo Galego de Solidariedade dotado con 2.000 millóns de pesetas. O crédito figura na Sección «Economía e Facenda», servicio 005 «Dirección Xeral do Plan Económico e de Coordinación de Investimentos», programa 811 B «Outras transferencias para investimentos destinados a Corporacións Locais». Os remanentes do dito crédito incorporaranse, no seu caso, ós seguintes exercicios ata a súa total aplicación.

2. O Fondo Galego de Solidariedade destinarase, en 1987, a gastos de investimento real nas áreas menos desenvolvidas, a través de proxectos de ámbito local de infraestrutura, obras públicas, regadíos, ordenación do territorio, vivenda e equipamento colectivo, mellora do hábitat rural e transportes e comunicacións.

3. Os proxectos do Fondo Galego de Solidariedade poderanse financiar conxuntamente coa entidade ou entidades locais interesadas. En cada caso establecerase o correspondente convenio escrito, que recolla a forma de financiamento entre as Consellerías e as Corporacións Locais interesadas.

4. Antes do primeiro de maio de 1987, a Xunta de Galicia remitiralle ó Parlamento de Galicia —coa petición da súa tramitación polo procedemento de urxencia—

un Proxecto de Lei que regule o Fondo Galego de Solidariedade cos criterios de demarcación das áreas territoriais beneficiarias e de distribución dos recursos.

5. Os proxectos de gastos do Fondo Galego de Solidariedade figurarán agrupados e claramente identificables nos Presupostos de cada ano.

6. En tanto non se aprobe a Lei do Fondo Galego de Solidariedade e para evitar paralizacións no procedemento investidor, a Xunta poderá acordar coas entidades locais interesadas os proxectos de gasto correspondentes, aténdose ós anteriores criterios. De tales proxectos daráselle conta inmediata á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

Disposición adicional décimo segunda

O artigo 9 do Decreto 137/60, do 4 de febreiro, polo que se convalida a taxa para gastos e remuneracións en dirección e inspección das obras, e mailo artigo 9 do Decreto 2.086/60, do 27 de outubro, polo que se convalida a taxa esixible por dirección e administración de obras e traballos de conservación de inmobles, quedan adicionados no seguinte parágrafo:

«A presente taxa satisfarase, se non se efectuou con anterioridade, mediante retención no momento do pagamento de cada unha das certificacións.»

Disposición adicional décimo ter-

ceira

As subvencións que se deriven do programa de electrificación rural (PLANER) serán destinadas de xeito exclusivo á electrificación dos núcleos rurais. Non se subvencionará, en ningún caso, a electrificación de urbanizacións nin vivendas adicadas a segunda residencia sen a previa ou simultánea electrificación das vivendas rurais preexistentes no entorno.

Disposición adicional décimo cuarta

Antes de 30 días despois da aprobación dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1987, a Xunta enviaralle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento os Presupostos das catro Deputacións Provinciais galegas para os efectos do seu detido estudio e análise, na procura do cumprimento da necesaria coordinación daqueles con estes.

Disposición transitoria primeira

No ámbito das competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta en materia de vivenda, a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas exercerá, con respecto ós inmobles e dereitos reais inmobiliarios que lle fosen transferidos pola Administración Central do Estado ou adquiridos coa citada finalidade, tódalas facultades inherentes á súa xestión, administración e disposición, con independencia da súa

contía, con carácter excepcional e en tanto que por Lei do Parlamento non se cree o organismo autónomo correspondente.

A aprobación dos expedientes de que se trate será ordenada polo Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas a proposta da Dirección Xeral de Vivenda, dándoselle conta dos mesmos á Consellería de Economía e Facenda.

Disposición transitoria segunda

O presuposto dos servicios trasladados do Instituto Nacional de Servicios Sociais (INSERSO) axustarase ás normas sinaladas na letra E) do anexo I do Real Decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e ás previsións contidas no presuposto consolidado da Seguridade Social para 1987.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que efectúe no Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma as adaptacións técnicas que sexan necesarias como consecuencia de reorganizacións administrativas, co fin de crea-los programas, seccións, servicios e conceptos presupostarios que sexan necesarios, e autoriza-las transferencias de crédito correspondentes. Estas operacións, en ningún caso, darán lugar a un incremento do gasto.

Enviaráselle informe de todas elas á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parla-

mento, dentro do mes seguinte a aquel en que se producisen.

Disposición derradeira segunda

A presente Lei seralles aplicable ós organismos autónomos que se poidan crear e ó seu correspondente presuposto, que esixirá para a súa efectividade a debida aprobación parlamentaria.

Disposición derradeira terceira

A Xunta, durante o presente exercicio presupostario, presentaralle ó Parlamento unha memoria explicativa dos investimentos correspondentes ó Capítulo VI da clasificación económica do Estado de Gastos, con explicitación dos déficits sectoriais e territoriais que deron soporte ás decisións de investimentos e xustificación, no seu caso, das razóns dos incumprimentos.

Disposición derradeira cuarta

Os gastos autorizados a cargo dos créditos do Presuposto de prórroga imputaranse ós créditos autorizados pola presente Lei. No caso de que no citado Presuposto non houbese o mesmo concepto ca no Presuposto para 1987, ou de que habéndoos resultase insuficiente, a Consellería de Economía e Facenda determinará o concepto presupostario a que se debe imputalo gasto autorizado e daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

Disposición derradeira quinta

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación

no *Diario Oficial de Galicia*.

(1)

Santiago de Compostela, 30 de
abril de 1987

Xerardo Fernández Albor
Presidente

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.